

# CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

## PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



# INDICE

<b>INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL</b>	<b>2</b>
<b>1.- O CENTRO E O SEU CONTEXTO</b>	<b>4</b>
<b>2.- A CONCRECIÓN CURRICULAR</b>	<b>7</b>
2.1 AS ENSIANZAS	7
2.2 PROXECTO LECTOR E BIBLIOTECA	10
2.3 PROXECTO LINGÜÍSTICO	16
2.4 PLAN ERASMUS E REGULAMENTO	20
<b>3.- A ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<b>33</b>
3.1 PLAN DE CONVIVENCIA	33
3.2 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	42
<b>4.- XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS</b>	<b>43</b>
<b>5.- MODIFICACIÓN DO P.E.C.</b>	<b>45</b>

## INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

A Reforma do ensino, concretada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006), establece tres principios fundamentais que a presiden. O primeiro consiste na esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis do sistema educativo. O segundo principio consiste na necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir ese obxectivo tan ambicioso. E o terceiro que inspira esta lei consiste nun compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea para os próximos anos.

No seu Capítulo II, “Autonomía dos Centros”, Artigo 120, punto 2, a LOE establece que “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, *para a Mellora da Calidade Educativa* (LOMCE) engade un novo número 8 ao artigo 121º, que establece que *o proxecto educativo dos centros docentes con especialización curricular deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro.*

Esta capacidade de decisión debe articularse por medio dunha serie de documentos estruturados a partir dun marco xeral de referencia elaborado desde a propia dinámica do Centro e para toda a Comunidade Educativa integrando os fins do sistema. O marco xeral (PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO) debe definir as características singulares do Centro, os obxectivos xerais e específicos do mesmo e cuestións relacionadas coa organización curricular e metodolóxica: Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES (DOG do 9 de agosto) e Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG 2 de setembro de 1997), nas que se especifica que os Centros disporán de autonomía para defini-lo proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento.

O artigo 90º do *Decreto 324/1996*, establece os procedementos para a elaboración do PEC, un documento que, considerando as necesidades do

alumnado e as características do contorno poderá establecer:

- *A organización xeral do Conservatorio.*
- *As finalidades educativas do Centro.*
- *Os obxectivos que o Centro se marca en relación coas políticas de Normalización Lingüística establecidas polas autoridades competentes e coas disposicións que as desenvolven.*
- *A oferta educativa e a súa adecuación ao contorno.*
- *As Normas de Organización e Funcionamento (NOF).*
- *As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.*
- *As formas de colaboración e intercambio cultural con outras institucións.*

# SECCIÓN 1

## O CENTRO E O SEU CONTEXTO

### VALORES, OBXECTIVOS, PRIORIDADES E SINAIS DE IDENTIDADE

O Conservatorio Superior de Música da Coruña foi creado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia no ano 1989 segundo establecía o *Decreto 49/1989, do 6 de abril* (DOG do 12 de abril). Así mesmo, no ano 2003 tivo lugar a separación do Conservatorio Profesional de Música da Coruña, tal e como dispoñía a *Lei Orgánica 1/1990 Xeral de Ordenación do Sistema Educativo*, segundo consta na *Orde do 23 de abril de 2003*.

O Conservatorio Superior de Música da Coruña é un centro público pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia aberto a todas as persoas, independentemente da súa raza, sexo ou crenza relixiosa. No ámbito da súa tarefa educativa, está comprendido dentro das chamadas “Ensinanzas Especiais”, concretamente dentro das ensinanzas de música.

Este centro está situado na rúa Manuel Murguía, 44, con teléfono 981.14.12.95, Fax 981.14.06.55 e páxina web <https://www.csmcoruna.com>. Está ubicado na zona coñecida como “Cidade Escolar”, nas súas inmediacións tamén se encontran a sede da UNED, o Campus Universitario de Riazor pertencente á Universidade da Coruña, a Escola Oficial de Idiomas e o Conservatorio Profesional de Música.

O tipo de poboación da lugar a un alumnado heteroxéneo que convive pacificamente con independencia da súa orixe racial ou étnica. Non existen problemas puntuais de acoso que esixan medidas de sensibilización e prevención así como a potenciación dunha cultura de xestión pacífica dos conflitos.

A cidade da Coruña é unha das máis poboadas dentro de Galicia, conta cunha gran tradición musical e con agrupacións e institucións de calidade neste ámbito, ademais organízanse anualmente festivais e eventos no que participan a Orquestra Sinfónica de Galicia e outros solistas e orquestras, o “Festival de Música con raíces” no que teñen cabida todo tipo de manifestacións musicais que interpretan os sonidos máis tradicionais e xenuinos das diferentes culturas europeas e mundiais, e o “Festival da Ópera” no que se programan grandes obras da lírica de todos os tempos e no que observamos a gran calidade dos intérpretes líricos e das orquestras que interpretan as óperas.

A cidade da Coruña dispón de dous teatros: O Teatro Colón e o Teatro Rosalía de Castro pero é no Palacio da Ópera, onde ten a súa sede a Orquestra Sinfónica de Galicia, onde acontecen a maior parte de concertos, óperas e musicais.

Desde a creación histórica do centro orixinario no ano 1.942 (como Conservatorio Profesional de Música y Declamación) foi incrementando o número de alumnado e de profesorado para poder cubrir as necesidades educativas de nivel superior no eido da música tanto da propia cidade como da comunidade galega. Asociados á historia do Conservatorio destacan figuras relevantes como Horacio Rodríguez Nache (un dos creadores e director desde 1945 a 1970), Alberto Garaizabal, María Luisa Nache e Rogelio Groba (fundador da orquestra do conservatorio).

A posta en funcionamento do centro constituíu un elemento esencial para a dinamización cultural da cidade xunto con entidades como os Amigos da Ópera, a Sociedade Filarmónica e a Banda Municipal.

O Conservatorio Superior de Música da Coruña é un centro moi activo desde o que se programan concertos de música en colaboración con outras entidades como o Museo de Belas Artes, a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Real Academia de Belas Artes o Concello e a Deputación da Coruña, entre outras. Así mesmo tamén se realizan actividades que contribúen á promoción das ensinanzas e que teñen como obxectivo completar a formación do propio alumnado como son o “Concurso para actuar coa orquestra e banda do Conservatorio Superior”, o “Concurso de interpretación solista coa Banda Municipal de Música da Coruña” e o “Concurso de interpretación solista coa Orquestra Xove da Sinfónica de Galicia”.

Para favorecer a mobilidade do alumnado na súa aprendizaxe e o enriquecemento da comunidade educativa, e debido ao carácter das ensinanzas que se imparten no centro (de nivel superior), o conservatorio participa no programa “Erasmus”, o que posibilita o

acceso a Becas Erasmus en máis dunha ducia de países e trinta centros musicais europeos. Este programa plantexa os seguintes retos:

- Loitar contra os crecentes niveis de desemprego.
- O desenvolvemento do capital social entre os xóvenes.
- A promoción de reformas sistémicas nos países participantes.

Tras o fructífero aproveitamento da Carta Erasmus no período 2009-2013 e a participación no Programa de Aprendizaxe permanente Erasmus (PAP), o Conservatorio Superior de Música da Coruña obtivo a renovación da Carta Erasmus para o novo programa Erasmus+ durante o período 2014-2020.

Salientar que o centro dispón dunha biblioteca especializada en música, dun auditorio no que se realizan actuacións, concursos e cursos de especialización e dunha banda, bigband e orquestra propias.

Como sinal de identidade irrenunciable, a comunidade educativa aspira a unha búsqueda constante da excelencia académica, así como a defensa da lingua, e cultura galegas, especialmente no relativo ao eido musical.

Para finalizar esta descripción do centro e o seu contexto, sinalar que apostamos por potenciar algúns dos valores e principios recollidos na Constitución Española e que consideramos básicos neste contorno social, económico e cultural:

- a. A Tolerancia
- b. A Solidariedade
- c. A Convivencia e a xestión pacífica dos conflitos
- d. O respecto a diversidade apostando pola pluralidade lingüística, relixiosa e cultural dos distintos pobos.
- e. A igualdade de sexos

Nos propoñemos, como obxectivos prioritarios:

- a. Favorecer a convivencia deseñando unha serie de medidas:
  - i. De sensibilización
  - ii. Preventivas
  - iii. Organizativas e
  - iv. Curriculares
- b. Dar resposta á diversidade existente establecendo todas as medidas necesarias para atender á toda a poboación escolar, facendo fincapé na procedente doutras culturas ou linguas.

# SECCIÓN 2

## A CONCRECIÓN CURRICULAR

### 2.1 AS ENSEÑANZAS

A ensinanza que se imparte no noso Conservatorio é ensinanza regrada de música, regulada pola *Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación*, polo *Real Decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se fixan os aspectos básicos das ensinanza superiores de música* e o *Real Decreto 631/2010, de 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensanzas artísticas superiores de Grao en Música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*.

Así mesmo, o *Decreto 163/2015, do 29 de outubro polo que establece o plan de estudos das ensanzas artísticas superiores de música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía na Comunidade Autónoma de Galicia regula as ensanzas de grao en Música na Comunidade Autónoma de Galicia*, e a norma de estrutura curricular pola que se establecen os estudos de música no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

As especialidades que actualmente se imparten no noso centro son:

Interpretación, Composición, Pedagogía da Linguaxe Musical, e Dirección de Orquestra.

A Comunidade educativa aposta por solicitar á Consellería de Educación a implantación doutras especialidades que suporían un avance na nosa oferta educativa, tales como as de Pedagogía dos Instrumentos, Produción e Xestión, Música Moderna ou Sonoloxía.

A progresiva implantación destas ensanzas contribuiría a crear un centro aínda máis atractivo para o alumnado; ademáis, non requiriría dun aumento considerable de profesorado.

Plans de estudos de Composición, Interpretación e Pedagogía:

[https://www.csmcoruna.com/wp-content/uploads/2015/07/plan-de-estudios\\_es.pdf](https://www.csmcoruna.com/wp-content/uploads/2015/07/plan-de-estudios_es.pdf)



Plan de estudos de Dirección:

[https://www.csmcoruna.com/wp-content/uploads/2015/07/AnuncioG0164-301116-0001\\_es.pdf](https://www.csmcoruna.com/wp-content/uploads/2015/07/AnuncioG0164-301116-0001_es.pdf)

Nas guías docentes e programacións didácticas das distintas especialidades e materias, pódense consultar:

- as orientacións xerais sobre a metodoloxía.
- porcentaxe de contribución de cada materia ás competencias clave.
- tratamento dos elementos transversais e dos valores nas distintas materias.
- criterios xerais sobre avaliación, promoción e titulación.
- criterios para a concesión da matrícula de honra.

Todas estas cuestións curriculares son anualmente revisadas e susceptibles de renovación pola comunidade docente nos órganos pertinentes (departamentos didácticos e comisión de coordinación pedagóxica).

Ademáis, a comunidade docente propón fomentar a introducción (na medida do posible dentro das programacións) de medidas pedagóxicas conducentes á mellora da calidade educativa en diversos aspectos curriculares, e outras medidas organizativas tales como:

- realización de sesións periódicas de ensaio de repertorio orquestral de vento metal, e unha sesión anual de ensaio conxunto de repertorio orquestral específico dos departamentos de vento metal, vento madeira e percusión.
- inclusión de agrupación de metais como formación coa que contar para as prácticas do alumnado de dirección.
- tratar de que o alumnado de música de cámara pase, alomenos durante un curso, polas seguintes agrupacións: cuarteto de corda, quinteto de vento, quinteto de metais, cuarteto de saxofóns, trío con piano, agrupacións de guitarra e outro/s instrumento/s de familias instrumentais distintas, e evitar a repetición da mesma agrupación máis de dous cursos académicos.
- tratar, na medida do posible, de optimizar o profesorado dispoñible na materia de música de cámara, sendo desexable adicar máis profesorado en exclusiva para esta materia, ou establecer un reparto de menos profesorado pero con maior carga

horaria, procurando que haxa sempre algún pianista e guitarrista que impartan a materia.

-tratar de solicitar á Consellería a creación dun departamento específico de música de cámara, en base á súa existencia antes do Real decreto 989/2000 del 2 de xuño, e na súa posible recuperación despois do estipulado no Real decreto 427/2013 del 14 de xuño.

- tratar de solicitar á Consellería unha modificación do protocolo de asignación de matrículas de honra na disciplina de música de cámara.

-fomentar o desenvolvemento de actividades e concertos públicos, de forma xenérica e periódica, fora do Conservatorio, tanto de alumnado como de profesorado, co obxectivo de amosar a excelencia no desenvolvemento artístico da nosa comunidade educativa. Todas estas actividades permitirán e fomentarán a colaboración entre departamentos.

-celebrar concertos, conferencias ou mesas redondas, a cargo do profesorado, para conmemoración de efemérides. Existen propostas de diversos departamentos (piano, vento-metal, vento-madeira, corda, orquestra, percusión, dirección, composición, pedagogía, acordeón, arpa) para desenvolver actividades concretas, relacionadas co 250 aniversario do nacemento de Beethoven, que se celebrará en 2020.

-fomentar as actividades públicas das agrupacións do departamento de jazz, e posibilitar interactuacións deste departamento con outros departamentos do Conservatorio creando iniciativas pedagóxicas.

-fomentar e mellorar as actuacións públicas das grandes agrupacións do centro, Orquestra, Banda, Coro e BigBand, para a difusión da súa labor e das capacidades do alumnado.

-tratar de conquistar da consellería un catálogo de cursos de posgrao, sexan cursos de especialización, sexan mestrados. Igualmente, establece os mecanismos necesarios para facilitar convenios coas universidades, autonómicas, estatais e doutros países para a elaboración de programas de doutoramento e doutras actividades de formación para a especialización e a investigación.

## 2.2 PROXECTO LECTOR E DE BIBLIOTECA

### 1. INTRODUCCIÓN

Como centro de estudos superiores consideramos que o noso proxecto lector debe articularse entorno á biblioteca, polo que a tarefa fundamental vai a ser a súa dinamización, visibilizando a súa importancia e outorgándolle un novo papel como elemento de coordinación, colaboración e integración da comunidade educativa do centro, no que se impliquen tanto o alumnado como os diferentes departamentos e o profesorado. Para acadalo debemos afondar na colaboración cos responsables do proxecto lingüístico (coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega e responsable da sección bilingüe) e da sección TIC. Pretendemos que a biblioteca sexa o alicerce de transversalidade do centro, o punto de encontro que una os diferentes integrantes do centro.

O CSM A Coruña conta cun equipo de dinamización da lingua galega e cunha sección bilingüe, en inglés, posibilitando que algunhas das materias que oferta o conservatorio sexan ofrecidas en lingua inglesa, polo que xunto cas dúas linguas oficiais, fai que a biblioteca deba tender a ser tamén exemplo do plurilingüismo do centro.

Isto enlaza co reflexado no proxecto de lingüístico do centro que busca regular a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo o fin de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e posibilitar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira. Polo que dende a biblioteca tamén deberase axudar a fomentar ese plurilingüismo.

Por último, resaltar que esa dinamización debe basearse nunha colaboración directa da sección TIC, xa que é fundamental a dixitalización e o traballo en rede,

## 2. MARCO LEGAL

Na elaboración deste documento baseámonos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Título III. Programas Educativos.

### Artigo 38. Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.
3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.
4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

En relación co apartado anterior estaría o artigo 39 do mesmo decreto referido á Educación dixital, do que nos atinxirían os seguintes puntos:

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos, deseñados polos centros docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

3. A consellería con competencias en materia de educación ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido.

Asemade tivéronse en conta o marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Ademais da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o DECRETO 163/2015, do 29 de outubro e a ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música. Así como o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

### **3. OBXECTIVOS**

Tomando como punto de partida a realidade do noso centro en relación ao proxecto lector consideramos os seguintes obxectivos, dirixidos ao conxunto da comunidade educativa e aos seus diferentes ámbitos:

- a) Garantir, a través da Biblioteca do centro, o acceso á información tanto física (por medio de textos e partituras impresas) como dixital.
- b) Mellorar, mediante o uso da Biblioteca, as competencias lingüísticas entre os membros da comunidade escolar, tratando de fomentar o uso das mesmas nas actividades do centro que xurdan das actividades organizadas pola Biblioteca.

- c) Posibilitar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira mediante a posta a disposición da comunidade educativa de recursos físicos e dixitais para a súa consulta a través do medios da Biblioteca.
- d) Modernizar a Biblioteca facendo que se asemelle ás bibliotecas universidade engadindo Coleccións Dixitais como serían:
- Ampliar a oferta da Biblioteca máis aló dos textos e partituras físicas, cambiando ás subscricións das revistas contratadas en formato físico por formato dixital, máis ecolóxico e de máis fácil acceso, así como seguir a engadir novas revistas ao noso catálogo. (Anexo 1)
  - Engadir Libros electrónicos que inclúan obras de referencia (dicionarios, enciclopedias, etc.) e coleccións temáticas e multidisciplinares. (Anexo 2)
- e) Creación dende a Biblioteca de un Foro electrónico de debate/crítica (FORUM CMUS Coruña) no que se implique toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e departamentos). (Anexo 3).

#### **4. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

Tendo en conta os obxectivos expostos no punto anterior proporanse as seguintes liñas de actuación:

- Dixitalizar a subscrición ás revistas actuais e incorporar algunha nova. (Anexo 1)
- Engadir obras de referencia (dicionarios, enciclopedias,...) na sección de libros electrónicos (Anexo 2).
- Posta en marcha do foro electrónico para fomentar o espírito crítico, que sexa reflexo dunha participación transversal de toda a comunidade educativa, xa que implicaría ao alumnado, o profesorado, os diferentes departamentos, incluíndo coordinación de biblioteca, de TIC, de dinamización da lingua galega e de sección bilingüe (inglés). (Anexo 3)

- Comezar un proceso de transformación da biblioteca que conduza a unha biblioteca con estruturas similares ás das facultades da universidade.
- Investigar a posibilidade de ter acceso á rede Dialnet (como teñen as bibliotecas universitarias) ao sermos un centro de ensinanza superior.
- Buscar posibles vías de acceso á “bibliotecas” dixitais de partituras.
- Contactar con outros conservatorios superiores para formar unha rede de préstamo interbibliotecario similar ao existente nas universidades.

## 5. ADDENDA

- **Anexo 1:** Proposta de Subscrición ás revistas en formato dixital:
  - “*Eufonía, Didáctica de la música*”, incluíría as 4 revistas anuais (papel e dixital) + acceso no fondo da revista + 5 subscricións dixitais para 5 profesores. <https://www.grao.com/es/producto/suscripcion-a-la-revista-eufonia> [Custo anual para institucións: 129,50€].
  - Melómano (11 números [pdf] – 35€ anuais) <https://orfeoed.com/tienda/#front-page-3>
  - Scherzo (50€ anuais) <http://tienda.scherzo.es/suscripciones>
  
- **Anexo 2:** Proposta de Subscrición ao “*Grove Music*” como institución, de xeito que os usuarios da biblioteca do centro teñan acceso a través do carné da mesma. <http://www.oxfordmusiconline.com/grovemusic> Enlace para a subscrición:  
<http://www.oxfordmusiconline.com/page/subscribe;jsessionid=EE87B5098142E63BCA941DA1C9A49363>

- **Anexo 3:** Proposta de creación dun Foro electrónico no que de forma semanal, quincenal ou mensual (decidirase antes da súa posta en marcha a periodicidade, podendo modificarse esta no futuro) cada departamento seguindo unha orde establecida, propondrá un tema a tratar (por exemplo crítica de un artigo de unha revista ao que se teña acceso dende a biblioteca ou na internet, dunha gravación á que se poida acceder facilmente [dende Spotify, por exemplo], das audicións realizadas no centro, etc.) no que se fomente o espírito crítico no seo da comunidade educativa. Fortalecendo ao mesmo tempo a transversalidade, xa que poderán participar tanto o alumnado como o profesorado das diferentes especialidades, facilitando afondar no coñecemento das mesmas por parte de toda a comunidade educativa. O moderador do foro sería o coordinador da Biblioteca ou o coordinador de TIC (decidiríase antes da posta en marcha do mesmo), pero tan só como persoa que crea o foro (so tería que revisar que se cumpren as normas do foro), xa que este sería completamente colaborativo, os temas serían propostos polos departamentos, e os participantes serían os membros da comunidade educativa que desexasen participar.



## 2.3 PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 1. INTRODUCCIÓN

Consideramos fundamental fomentar a lingua galega e o seu uso oral i escrito no Conservatorio Superior de Música da Coruña, tanto nas relacións internas coma as que manteñan con outras administracións, públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos dos alumnos e do persoal do conservatorio.

O CSM A Coruña conta cunha sección bilingüe, en inglés, posibilitando que algunhas das materias que oferta o conservatorio sexan ofrecidas en lingua inglesa.

Con este proxecto buscamos regular a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo o fin de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais e posibilitar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O artigo 3º da Constitución Española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5º, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

## **2. MARCO LEGAL**

Na elaboración deste documento tivéronse en conta o marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Ademais da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o DECRETO 163/2015, do 29 de outubro e a ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música.

Tivose en conta o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

No artigo 4º enumera os principios a partir dos que se elabora este decreto, que son os seguintes:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia
- Promocionar a dinamización da lingua galega nos Centros de ensino

## **3. OBXECTIVOS**

Tomando como punto de partida a realidade do noso centro consideramos os seguintes obxectivos, dirixidos ao conxunto da comunidade educativa e aos seus diferentes ámbitos:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia
- Mellorar a competencia lingüística da lingua galega entre os membros da comunidade escolar, tratando de fomentar o seu uso nas actividades do centro.
- Posibilitar a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua estranxeira

- Ampliar o campo de uso da lingua galega no currículo escolar.
- Concienciar ao profesorado e ao persoal non docente da importancia da dinamización da lingua e do patrimonio galego.
- Contribuir á difusión da cultura galega, implicando á comunidade escolar e aos axentes culturais da cidade no proceso, fomentando a interrelación coas diversas institucións do contorno.
- Fomentar o emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas con toda a comunidade educativa e con outras institucións.

#### **4. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

- Documentación do centro.

Todas as comunicacións coa administración, así como todos os aspectos burocráticos do centro estarán en lingua galega.

Da mesma maneira todos os documentos oficiais escritos e a documentación económica serán en galego, agás a documentación que pola súa natureza teña que estar, ademais, noutros idiomas (complemento europeo ó título, certificados para outras comunidades autónomas...)

- Os aspectos visuais

Toda a rotulación externa e interna do centro elaborárase en lingua galega.

- Xestión pedagóxica

Teremos en conta todos os documentos producidos, coa finalidade de ordenar a planificación e máis a xestión pedagóxicas. Tendo en conta:

- Os documentos relacionados coa planificación educativa
- Actividades de asesoramento e apoio técnico.
- Actividades de seguimento e control.

- Interacción didáctica

O docente é un referente na aula e promotor dos usos lingüísticos, no seu uso oral e por escrito. Favorecendo unha actitude de integración e de valoración da nosa lingua e cultura na aula.

- Sección bilingüe

A participación na sección bilingüe (inglés) será voluntaria para o alumnado, reflectíndose no expediente daqueles que escollan esta opción. Do mesmo xeito que é preciso adaptar os obxectivos e contidos das materias bilingües para integrar os aspectos lingüísticos.

- Comunicacions orais

Atención ao público, intervencións en actos oficiais, intervencións nos medios de comunicación, campañas informativas do centro, xornadas culturais, celebracións, etc.

- Comunicacions escritas

Circulares, correos electrónicos, notas de prensa, anuncios, cartas, páxina web, etc.

## **5. ADDENDA ANUAL**

O presente proxecto irá acompañado por 3 anexos que se elaborarán anualmente.

Anexo 1: Materias que se imparten en lingua estranxeira (curso en vigor).

Anexo 2: Programa de promoción da lingua galega (curso en vigor).

Anexo 3: Memoria de actividades de promoción da lingua galega (curso anterior).

## 2.4 PLAN ERASMUS+ E REGULAMENTO (2014-2020)

### 1.-INTRODUCCIÓN

**Erasmus+** é o Programa da Unión Europea nos campos da educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2014-2020, que propónse os seguintes retos:

- Loitar contra os crecentes niveis de desemprego.
- O desenrolo do capital social entre os xóvenes.
- A promoción de reformas sistémicas nos países participantes.

Tra-lo fructífero aproveitamento da Carta Erasmus no período 2009-2013 e a participación no Programa de Aprendizaxe permanente Erasmus (PAP), o Conservatorio Superior de Música da Coruña obtivo a renovación da Carta Erasmus para o novo programa Erasmus+ durante o período 2014-2020. Por elo, o presente Regulamento pretende servir de información e guía dos aspectos básicos sobre os que se vertebra a execución do Programa: o marco legal, as persoas e órganos de xestión, os tipos de mobilidade e a organización das convocatorias.

### 2.- MARCO LEGAL

*A lexislación e normativa xeral relativa ao Programa Erasmus+ é a seguinte:*

- REGULAMENTO (UE) No 1288/2013 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, *“de 11 de decembro de 2013 por el que se crea el programa «Erasmus+», de educación, formación, juventud y deporte de la Unión y por el que se derogan las Decisiones n o 1719/2006/CE, 1720/2006/CE y 1298/2008/CE”*

<https://www.boe.es/doue/2013/347/L00050-00073.pdf>

- GUÍA XERAL DO PROGRAMA ERASMUS+

[http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/erasmus-plus-programme-guide\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/documents/erasmus-plus-programme-guide_es.pdf)

- INFORMACIÓN E NORMATIVA DO ORGANISMO AUTÓNOMO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS EUROPEOS

<http://www.oapee.es/oapee/inicio/ErasmusPlus.html>

### **3.- PERSOAS E ÓRGANOS DE XESTIÓN**

A xestión do Programa Erasmus+ no Conservatorio Superior de Música da Coruña é competencia de:

#### **- O DIRECTOR DO CONSERVATORIO.**

Ao ser representante legal do Centro, é quen firma a solicitude de Carta Erasmus ante a Axencia Executiva de Educación da UE, así como os informes de xestión de mobilidades e convenios de subvención co o OAPEE e o Ministerio de Educación. Ademais, designa ao Coordinador Erasmus e preside a Comisión Erasmus.

#### **-O COORDINADOR ERASMUS.**

É designado polo Director. As súas funcións básicas son:

- xestionar todos os aspectos académicos, administrativos e económicos relativos ás mobilidades de alumnos e profesores, tanto entrantes como saíntes.

- confeccionar e redacta-las bases das convocatorias de mobilidade, difundi-la información entre a comunidade educativa, e publica-las resolucións da Comisión Erasmus.

- solicitar ao OAPEE o número de mobilidades de cada ano, e redactar e presentar o informe intermedio e final na aplicación online "Mobility Tool".

- representar ao Centro na xestión e coordinación do Programa Erasmus+ ante a UE, o OAPEE, o Ministerio de Educación, a Xunta de Galicia, así como ante as Institucións socias, coa asistencia ás reunións organizadas polas autoridades educativas europeas e nacionais, así como realizar visitas a outras Institucións coa finalidade de realizar seguimento das mobilidades ou establecer novos convenios de colaboración.

- cursar invitacións ao persoal docente das Institucións socias para a realización de mobilidades no noso Conservatorio, ben sexa a proposta dos Departamentos ou de oficio.

- asesorar e informar ao alumnado, sobre o deseño do acordo de estudos previo á mobilidade, e xestiona-la Transferencia de Créditos e o volcado das calificacións obtidas polo alumnado saínte ao remata-la estancia na Institución de acollida, todo elo en coordinación coa Xefatura de Estudos.

- asesorar e ofrecer información ao alumnado e ao persoal docente e non docente, tanto entrante como saínte, sobre calquer aspecto do Programa Erasmus+.

#### **-A COMISIÓN ERASMUS**

A Comisión Erasmus do Conservatorio Superior de Música de A Coruña estará constituída por o/a Director/a do centro, o/a Xefe/a de Estudos e dous profesores/as do

Consello Escolar, un alumno/a do Consello Escolar e o coordinador Erasmus.

En caso de que algún membro da comisión solicite unha mobilidade non poderá formar parte da comisión ata que non se resolva a convocatoria da mobilidade que lle atinxe.

A Comisión ERASMUS terá como función básica comprobar que a documentación presentada polos candidatos é completa e correcta, segundo as bases da convocatoria, ademáis de valorar que os proxectos presentados teñan o interese mínimo imprescindible para seren enviados á institución de acollida. A Comisión poderá descartar a algún candidato se non presenta a documentación nos prazos establecidos pola lei ou si considera que o proxecto é de escaso interese.

A comisión establecerá unha lista priorizada entre os candidatos que cumpran os requisitos mínimos, seguindo os criterios que estén recollidos para cada tipo de mobilidade. A comisión tamén detallará os candidatos excluídos, con mención explícita do motivo de exclusión.

## 4.- TIPOS DE MOBILIDADES

### 4.1 MOBILIDADE DE ESTUDANTES PARA ESTUDOS (SMS) OU PRÁCTICAS (SMP)

**Mobilidade para estudos (SMS): para realizar unha mobilidade os alumnos deben estar** matriculados alo menos en segundo ano (deben ter superados 60 créditos ao inicio da mobilidade). É dicir, un alumno que curse 1º pode solicitar realizar unha mobilidade o curso seguinte e ser seleccionado para elo, pero a mobilidade soamente poderá iniciarse si efectivamente ten superados os 60 créditos do primeiro curso.

**Mobilidade para prácticas (SMP): Sin restrición**

No caso de recién titulados (mobilidade para **prácticas**): realizarán a mobilidade dentro do ano seguinte á finalización dos estudos. Son seleccionados durante o último ano de estudos.

#### 4.1.1. DURACIÓN

Estudios: de 3 a 12 meses (máximo financiado: 5 meses) Prácticas: de 2 a 12 meses (máximo financiado: 3 meses)

NOVEDADE NO PROGRAMA ERASMUS+: Un mesmo alumno poderá realizar mobilidades por un máximo de **12 meses por ciclo de estudos**:

- Grao, Formación Profesional ou Titulación equivalente de Grado Superior
- Máster
- Doctorado

#### 4.1.2. CUANTÍA DA BECA ERASMUS+

Tanto para estudos como para prácticas, a beca Erasmus +, é dicir, a axuda financeira mensual da **UE virá determinada** segundo o nivel de vida do **país de destino, de acordo coa seguinte táboa**:

Grupo 1	Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Liechtenstein, Noruega, Reino Unido, Suecia y Suiza	300€ / mes
Grupo 2	Alemania, Bélgica, Chipre, Croacia, Eslovenia, España, Grecia, Islandia, Luxemburgo, Países Bajos, Portugal, República Checa y Turquía	250€ / mes
Grupo 3	Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Rumanía y antigua República Yugoslava de Macedonia	200€ / mes

Os alumnos poden recibir axudas adicionais ou únicas doutras fontes (nacionais, rexionais, da institución, etc.) .Conservan calquer beca ou préstamo concedido para estudar na súa institución de orixe. Están **exentos de abonar** taxas académicas ou administrativas, exámenes ou acceso a laboratorios e bibliotecas. Outros gastos, nas mesmas condicións que os estudantes locais.

O alumnado non debe abonar nengunha taxa por **organización ou xestión da mobilidade**.



#### 4.1.3. AXUDAS ADICIONAIS DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN

-Estudantes en situación de desvantaxe económica (becas xerais doMECD) 100€ mensuais

#### **-Mobilidades para prácticas**

**100€ mensuais** (Incompatible coa anterior)

-Estudantes con discapacidade

Establecerase un procedemento por parte do OAPEE para a concesión destas axudas, que poderán ser superiores ás establecidas con carácter xeral

#### 4.1.4. AXUDA ADICIONAL DA XUNTA DE GALICIA

Existe unha axuda de aproximadamente 70 euros/mes, que debe ser solicitada polo alumnado. A Xunta publica a convocatoria destas axudas no primeiro trimestre do ano natural. O coordinador Erasmus remitirá ao alumnado a información sobre esta convocatoria.

#### 4.1.5. ESTUDANTES CON BECA CERO

No hipotético caso de Institucións que teñan un maior número de alumnos admitidos en Institucións de acollida que mobilidades financiadas concedidas polo OAPEE, esos estudantes poderán realizar mobilidade Erasmus, pero sen recibir financiación, é dicir, sendo considerados estudantes con Beca Cero.

As institucións poderán adxudicar becas Erasmus **sen financiación** da UE:

-Para un periodo de mobilidade completo,

-Adicional a un período de mobilidade con financiación da UE.

-Deberán cumprir tódolos requisitos establecidos con carácter xeral, agás os de financiación.

## 4.2. MOBILIDADE DE PERSOAL DOCENTE PARA IMPARTIR DOCENCIA (STA) E MOBILIDADE DE PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE CON FINS DE FORMACIÓN (STT)

### 4.2.1. OBXECTIVOS DA MOBILIDADE STA

- Fomentar que o persoal docente realice estancias de curta duración en institucións de educación superior dos países europeos participantes no Programa. Estas estancias terán como finalidade **impartir docencia** nas institucións de acollida. Os cursos impartidos deberán formar parte dun programa oficial de estudos na Universidad de destino.
- Permitir que os estudantes que non poden participar nun programa de mobilidade se beneficien dos coñecementos e a experiencia do persoal académico de institucións de Educación Superior doutros países europeos.
- Fomentar intercambio de competencias e experiencia sobre métodos pedagóxicos.
- Animar ás institucións de Educación Superior a que amplíen e enriquezcan a variedade e o contido dos cursos que ofertan.

A mobilidade de persoal para docencia deberá estar baseada en acordos interinstitucionais. As institucións de ensinanza superior socias deberán acordar con anterioridade ao inicio da mobilidade o programa de docencia que impartirán os profesores na institución de acollida. No caso da mobilidade de persoal dunha empresa a unha institución de educación superior, se realiza a través dunha invitación da institución de educación superior ao persoal da empresa. A axuda será xestionada pola institución de educación superior que curse dita invitación. A selección dos beneficiarios corresponderá á institución de educación superior de orixe.

### 4.2.2 OBXECTIVOS DA MOBILIDADE STT

Fomenta-las estancias de curta duración do persoal en institucións de educación superior e empresas dos países europeos participantes no Programa, con fins de formación (exceptúanse cursos de idiomas).

**-Mobilidade de persoal dunha institución de educación superior a unha empresa.** O obxectivo é permitir que os beneficiarios aprendan da transferencia de coñecementos ou de competencias e adquieran aptitudes prácticas. As actividades poden ser moi variadas: seminarios, talleres, cursos e conferencias, periodos de formación práctica, breves comisións de servizos, etc.

**-Mobilidade de persoal dunha institución de educación superior a outra institución de educación superior socia.** O obxectivo é permitir que os beneficiarios aprendan das experiencias e boas prácticas da institución socia e melloren as aptitudes que require o seu actual posto de traballo. A actividade pode denominarse de varias maneiras: breves comisións de servizos, observación de profesionais, visitas de estudos, etc.

***Definición de empresa:** calquer entidade que desempeñe unha actividade económica no sector público ou privado, independentemente do seu tamaño, réxime xurídico ou sector económico no que opere, incluída a economía social. **Non son elixibles:** As institucións europeas, as organizacións encargadas de xestionar programas da UE (para evitar posibles conflitos de intereses e/ou financiación compartida), a representación diplomática nacional no país de acollida (embaixada, consulado) do país do solicitante.*

A selección corresponde á institución de educación superior de orixe. A efectos da concesión da axuda, é indispensable presentar un programa detallado de formación aceptado pola institución de orixe e de acollida ou pola empresa. O programa deberá incluír como mínimo: o obxectivo global e os obxectivos específicos, os resultados que se espera obter coas actividades de formación ou aprendizaxe e unha posible programación do período de formación.

#### 4.2.3. DURACIÓN

A duración posible da mobilidade STA y STT é de **2 días a 2 meses**, excluídos viaxes (máximo financiado: 5 días)

Na mobilidade para docencia, mínimo de **8 horas de docencia semanal**

(ou de cualquier período inferior)

#### 4.2.4. CUANTÍA DA BECA ERASMUS + PARA MOBILIDADE STA e STT

NOVEDADE NO PROGRAMA ERASMUS+: Existe unha axuda para manutención e outra para a viaxe.

#### AXUDA DE MANUTENCIÓN, SEGUNDO DURACIÓN E PAÍS DE DESTINO

Grupo 1	Dinamarca, Irlanda, Países Bajos, Reino Unido y Suecia	120 €/día
Grupo 2	Austria, Bélgica, Bulgaria, Chipre, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Italia, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Polonia, República Checa, Rumanía, Suiza y Turquía	105 €/día
Grupo 3	Alemania, Eslovaquia, España, Letonia, Malta, Portugal y antigua República Yugoslava de Macedonia	90 €/día
Grupo 4	Croacia, Eslovenia, Estonia y Lituania	75 €/día

#### AXUDA PARA GASTOS DE VIAXE

Distancias de Viaje	Cantidad
Entre 100 y 499 km	180 € por participante
Entre 500 y 1999 km	275 € por participante
Entre 2000 y 2999 km	360 € por participante
Entre 3000 y 3999 km	530 € por participante
Entre 4000 y 7999 km	820 € por participante
Entre 8000 y 19999 km	1100 € por participante

Cálculo das distancias:

[http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm)

## 5.- CONVOCATORIAS

Haberá unha única convocatoria que se publicará entre o 15 de outubro e o 15 de Novembro polo Coordinador Erasmus do Conservatorio Superior de Música da Coruña, na que se ofertarán tódalas mobilidades adxudicadas polo OAPEE, e se farán públicas as bases da convocatoria de:

- mobilidades destinadas a estudantes para estudos (SMS)
- mobilidades destinadas a estudantes para prácticas (SMP)
- mobilidades destinadas a persoal docente para impartir docencia (STA)
- mobilidades destinadas a persoal docente e non docente para recibir formación (STT)

Na Convocatoria de Mobilidades destinadas ao persoal docente e non docente para formación (STT), é potestade da Directiva do Conservatorio Superior de Música da Coruña reservar un máximo dun tercio das adxudicadas polo OAPEE, para destinalas especificamente a Persoal de Administración e Servicios e a Persoal docente que tamén realiza funcións de Administración.

### 5.1. PRAZOS DE PRESENTACIÓN.

-para os alumnos solicitantes de mobilidade SMS ou SMP: entre o 15 de Novembro e o 15 de Xaneiro.

- para o persoal solicitante de mobilidade STA ou STT: entre o 15 de Outubro e o 15 de Novembro.

Os prazos exactos se publicarán en cada convocatoria específica.

### 5.2. DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

-para os alumnos solicitantes de mobilidade SMS ou SMP:

- **Impreso de Solicitud do Conservatorio**, indicando preferencia de destinos priorizada (máximo 3 destinos).
- **Certificado** do Expediente Académico. (**unha copia por cada destino solicitado**).
- **Curriculum** (en galego ou castelán, e unha copia en inglés) (**unha copia por cada destino solicitado**).
- Entregar unha **gravación** de aproximadamente 15 minutos en CD o DVD (**unha copia por cada destino solicitado**). Si se entrega un CD, deberá acompañarse dunha carta xustificativa do Profesor da especialidade, donde faga constar que é interpretado polo candidato. Os alumnos de Composición deberán entregar unha copia escrita dunha obra (**unha copia por cada destino solicitado**).
- **Carta de motivación en inglés**, explicativa das razóns que levan a solicitar a mobilidade, de 1 folio máximo, (**unha copia por cada destino solicitado**).
- **Carta de conformidade do Profesor** da especialidade (**unha copia por cada destino solicitado**).

- Calquer outra documentación complementaria que o candidato desexe aportar como acreditativa de méritos (outras titulacións, concursos, certificado de idiomas, etc) (**unha copia por cada destino solicitado**).
- Unha foto tamaño carnet **por cada destino solicitado**.

para o persoal solicitante de mobilidade STA ou STT:

- **Impreso de Solicitud do Conservatorio**, indicando preferencia de destinos priorizada (**máximo 2 destinos**)\*.
- **Curriculum** (en galego ou castelán, e uha copia en inglés) (**unha copia por cada destino solicitado**).
- **Proxecto detallado** do Programa de Docencia (STA) ou do Programa de Formación (STT) proposto, en galego ou castelán, e unha copia en inglés (**unha copia por cada destino solicitado**).
- **Impreso “Staff Mobility”**. Este impreso debe ser cuberto en Inglés. Non se deben cubri-los campos con fondo vermello.
- Pódese presentar voluntariamente outra documentación complementaria acreditativa de méritos do candidato (gravacións, outras titulacións, concursos, certificado de idiomas, etc.).

*\*Aqueles candidatos a obter Mobilidade STA que teñan interés en dous destinos, soamente poderán realizar a mobilidade nun dos dous destinos. Na solicitud deberán indicar claramente cal é o prioritario. Enviarase a proposta de mobilidade en primeiro lugar soamente ao primeiro destino solicitado, e no caso de non obter unha resposta positiva o día 20 de Xaneiro, procederase a enviar a proposta ao segundo destino solicitado.*

*\*Aqueles candidatos a obter Mobilidade STT que teñan interés en dous destinos, soamente poderán realizar a mobilidade nun dos dous destinos. Na solicitud deberán indicar claramente cal é o prioritario. Enviarase a proposta de mobilidade en primeiro lugar soamente ao primeiro destino solicitado, e no caso de non obter unha resposta positiva o día 20 de Xaneiro, procederase a enviar a proposta ao segundo destino solicitado.*

### 5.3. SELECCIÓN DE MOBILIDADES POLA COMISIÓN ERASMUS

A Comisión Erasmus reuniráse ao término do prazo de presentación de solicitudes, e terá como criterios básicos os seguintes:

- para a selección de mobilidade SMS ou SMP:

- 1.- Valoración do Expediente Académico
- 2.- Interés do Proxecto e da Carta de Motivación del Candidato
- 3.- Prioridade aos Cursos máis altos; para elo pondérase a media do expediente en relación ao curso no que esté o alumno (alumnos de 4º x 1.3; alumnos de 3º x 1.2; alumnos de 2º x 1.1; alumnos de 1º x 1)
- 4.- Presentación de Certificado Oficial de Coñecemento do Idioma da Institución de destino.
- 5.- Outros Méritos.

- para a selección de mobilidade STA ou STT

- 1- prioridade ao persoal que solicite por primeira vez participar no Programa Erasmus; tamén terán prioridade os que teñan participado en menos ocasións e con maior anterioridade no tempo.
- 2- valoración do Programa de Docencia ou de Formación, e en especial a incidencia na internacionalización do Conservatorio Superior de Música da Coruña.
- 3- Presentación de Certificado Oficial de Coñecemento do Idioma da Institución de destino.

A decisión final de realiza-las mobilidades propostas polos solicitantes e seleccionadas pola Comisión Erasmus corresponde ás Institucións socias.

## 5.4. PAGO DA BECA

### BECA DO ALUMNADO SMS e SMP

Ingresarase vía transferencia bancaria no primeiro mes de estancia o 80% do total da beca.

Ao finaliza-la mobilidade, o estudante debe entregar ao Coordinador Erasmus do Conservatorio Superior de Música da Coruña a seguinte documentación:

- certificado de estancia
- “transcript of records”, documento coas calificacións da Institución de acollida.
- debe cumplimentar online o “informe final” na “Mobility Tool”.

Dentro dos 15 días seguintes á entrega desta documentación, abonarase via transferencia bancaria o 20% restante da beca.

### BECA DO PERSOAL STA e STT

Ao regresar da mobilidade, os beneficiarios deberán:

- presentar ao coordinador Erasmus o certificado de estancia e o plan de traballo; o informe final será cumplimentado online na “Mobility Tool” polo beneficiario.
- presentar documentación xustificativa da viaxe (tarxetas de embarque, billetes electrónicos, facturas de aloxamento e manutención).

Dentro dos 15 días seguintes á entrega desta documentación, abonarase via transferencia bancaria a totalidade da beca.

## 5.5. MOBILIDADES SOBRANTES

*No caso de que na Convocatoria de Outubro- Novembro se presenten menos candidatos que mobilidades ofertadas (sexan de estudantes ou persoal), ou ben o número de mobilidades confirmadas polas Institucións de destino na data de presentación do Informe Intermedio sexa menor que as adxudicadas polo OAPEE, será potestade da Xunta Directiva do Conservatorio:*

- devolver total ou parcialmente as mobilidades sobrantes ao OAPEE no informe intermedio.
- publicar unha segunda convocatoria con todas ou algunhas das mobilidades sobrantes. En este caso, si de elo resultara a realización de máis dunha mobilidade por parte dun profesor no mesmo curso académico, esta circunstancia será comunicada e consultada ante a inspección educativa.
- destinar total ou parcialmente as mobilidades sobrantes (si son de persoal) a invitar persoal de empresas.

## 5.6. RECOÑECIMIENTO E TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS EN MOBILIDADES SMS

A formación dos alumnos que disfrutan dunha beca de mobilidade Erasmus non será idéntica a aquela que recibirían no centro, pero sí debe de plantexar un equilibrio entre as asignaturas teóricas e prácticas para unha adecuada formación do estudante similar á ofrecida no CMUS da Coruña.

En ningún caso poderán cursarse asignaturas xa superadas no centro de orixe.

Ao deseña-lo acordo de estudos do alumno no centro de acollida, potenciaráse a filosofía básica do Programa Erasmus en canto a equivalencias, é dicir, a equivalencia curso completo por curso completo, sempre que este criterio favoreza a formación do alumno. En aqueles casos nos que non sexa posible, o estudante matricularáse soamente daquelas asignaturas obrigatorias que lle vaian a ser recoñecidas e cursará as demáis o ano seguinte.

Os estudantes que cursen estudos en institucións extranxeiras, en virtude dun acordo debidamente aprobado polo centro, teñen dereito ao recoñecemento dos estudos cursados.

O número de créditos segundo periodo de estudos será:

- 15-18 ECTS para estancias de 3 meses.
- 25-33 ECTS para unha duración dun semestre.
- 37-66 ECTS para unha duración dun curso académico completo.

O número total de créditos para unha estancia anual non poderá ser superior a 66 ECTS. Para que os seus estudos no extranxeiro poidan ser obxecto de recoñecemento académico, o estudante seleccionado debe de estar matriculado, obrigatoriamente, de tódalas asignaturas cuxo recoñecemento pretenda efectuar.

Soamente serán obxecto de recoñecemento aquelas asignaturas ou cursos que previamente teñan sido acordados e recollidos no Acuerdo de Estudos, incluíndo os posibles cambios que sexan consecuencia de incidencias non previstas e fosen debidamente autorizadas.

De existir algunha asignatura suspensa no CMUS da Coruña previa á realización da mobilidade, ésta poderá ser incluída no acordo de estudos e cursada e aprobada no centro de destino, sempre e cando exista un informe favorable do Departamento correspondente do CMUS da Coruña, unha vez comprobada na programación de dita materia, (que deberá facilitala-lo alumno), a correspondencia dos contenidos básicos da asignatura no centro de destino cos do CMUS da Coruña.

Das asignaturas calificadas con suspenso na institución de destino pode examinarse o estudante no Conservatorio Superior de Música da Coruña na convocatoria extraordinaria, pero figurarán no expediente do alumno, computándose as convocatorias consumidas.



## 5.7. RENUNCIAS

En caso de renuncia á beca Erasmus, ésta deberá ser presentada por escrito, ao coordinador Erasmus, alo menos con dúas semanas de antelación ao inicio da realización da mobilidade.

Se un beneficiario (estudante ou persoal) renuncia a realiza-la súa mobilidade sen unha causa xustificada será penalizado e non terá dereito á concesión dunha beca de Mobilidade durante o seguinte curso académico. Enténdense como causas xustificadas:

- Enfermidade ou accidente grave
- Enfermidade ou falecemento dun familiar ata de segundo grao
- Cumprimento dun deber público
- Calquer outra causa suficientemente acreditada e xustificada a xuício da Comisión ERASMUS do Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

## 6. -DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

# SECCIÓN 3

## ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 3.1 PLAN DE CONVIVENCIA

#### 1.- Xustificación

A **LOE**, na redacción dada pola **LOMCE**, establece nos artigos 120 e 124 a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia. Este último artigo dispón que os centros elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia.

O plan de convivencia, segundo a **LOE-LOMCE**, debe concretar:

- Os deberes do alumnado.
- As medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais. Estas medidas deben posuír as seguintes características:
  - Ter un carácter educativo e recuperador.
  - Garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado.
  - Procurar a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.
  - Ser proporcionadas ás faltas cometidas.
- Ter a consideración de moi graves e implicar a expulsión, temporal ou definitiva, do centro aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas.

-Ser inmediatamente executivas cando se trate de faltas leves.

En Galicia, todos os aspectos referentes ao plan de convivencia están regulados no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia**

### **Escolar.**

A mellora da convivencia, a resolución pacífica de conflitos, a visión restaurativa da xustiza e, en xeral, a mellora do clima escolar a todos os niveis, é un obxectivo prioritario na xestión de centros educativos e, ademais da normativa marco estatal, atopa un prolífico sustento no noso desenvolvemento normativo autonómico. Deste desenvolvemento deriva a creación e funcionamento do Consello para convivencia Escolar na Comunidade Autónoma de Galicia e a estratexia galega de convivencia 2015-2020 ([educonvives.gal](http://educonvives.gal)) na que se establecen orientacións, protocolos e accións guía para acadar estes obxectivos vinculados á convivencia inclusiva, democrática, pacífica e igualitaria.

## **2.- A Comisión de Convivencia**

É competencia do Consello Escolar do Centro velar polo correcto exercicio dos dereitos e cumprimento de deberes do alumnado e garantir a súa efectividade. A este órgano de goberno correspóndelle, garantir que as normas de convivencia se elaboren coa efectiva participación de todos os sectores da comunidade educativa, e que ditas normas se adecúen á realidade do Centro educativo. Correspóndelle, igualmente, resolver conflitos e impoñer medidas correctivas en materia de disciplina dos discentes, en caso de posibles situacións ou feitos conflictivos que non foran resoltos satisfactoriamente por procedementos previos. As correccións impostas terán que ter, en calquera caso, finalidade e carácter eminentemente educativo.

Para unha maior eficacia no cumprimento dos seus cometidos e funcións naquela materia, no seo do Consello Escolar constituirase a Comisión de Convivencia. Formarán parte dela, cando menos, a Dirección, a Xefatura de Estudos, un/unha profesor/a e un/unha alumno/a e poderá actuar presidida pola Xefatura de Estudos por delegación aos efectos da Dirección do Centro. Os

compoñentes da Comisión serán elixidos de entre os membros do Consello Escolar polos respectivos sectores da Comunidade Educativa.

Serán as súas funcións:

Promover que as actuacións que favorezan a convivencia no Centro. Fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e o exercicio efectivo dos dereitos e cumprimento dos deberes.

Impulsar o coñecemento e a observación das normas.

Mediar e resolver posibles conflitos dacordo coas normas e pautas de actuación es- tablecidas.

Avaliar periodicamente a situación de convivencia no Centro e resultados de aplica- ción das súas normas.

Informar das ditas normas ao Consello Escolar e prestarlle asidua asistencia en ma- teria de convivencia con especial colaboración na elaboración do informe anual que se debe incluír na memoria final de curso sobre o funcionamento do Centro.

### **Protocolo para as actuacións en materia de disciplina**

Nos casos de faltas leves o procedemento será o seguinte:

Comunicación dos feitos, por parte do profesorado, á Xefatura de Estudos e valoración por parte desta e adopción das primeiras medidas (amoestación privada ou por escrito ao alumnado).

No caso de requirir medidas maiores

Informe da Xefatura de Estudos a Dirección. Citación co/a alumno/a. Reunión co/a alumno/a nas que se escoitará aos interesados/as. En dita reunión estarán presentes o/a director/a e o/a secretario/a, quen levantará acta da sesión.

Adopción de medidas por parte da Dirección.

Información inmediata e comunicación escrita das medidas adoptadas aos interesados dando conta da posibilidade de reclamación.

Articulación, cando a gravidade da falta así o requira, por parte da Comisión de Convivencia do procedemento, seguindo os pasos aquí establecidos a instancias da Dirección ou da Xefatura de Estudos, por delegación desta.

### **Actuación da Comisión de Convivencia**

A corrección das faltas graves poderase determinar pola Comisión de Convivencia do Consello Escolar, previo acordo co/a alumno/a.

A tal efecto, no prazo de cinco días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos, reunirase a Comisión de Convivencia, en sesión previamente convocada. Nela darase audiencia, cando menos, ao profesor/a tutor/a do/a alumno/a, ao/a alumno/a. Oídas todas as partes, formularase proposta de resolución no marco do establecido nas presentes normas.

Se existise acordo do/a alumno/a deixarase constancia do mesmo nun documento que fixará os termos do acordo acadado, contendo en todo caso os feitos ou condutas imputadas, a corrección que se lle impón, a aceptación expresa da mesma polo/a alumno/a. Dito documento quedará asinado polos membros da Comisión de Convivencia.

De non producirse acordo co/a alumno/a procederase a incoar o correspondente expediente.

O/A director/a do Centro comunicará ao Consello Escolar o tratado na sesión da Comisión de Convivencia a que se refiren os apartados anteriores, así como se houberse, o acordo que se acadase, para a tramitación que proceda.

As faltas graves nas que a corrección non poida resolverse mediante o exposto nestes parágrafos requirirá a instrución dun expediente. Recollida a necesaria información, o/a Director/a do Centro incoará o expediente, ben por iniciativa propia, ben a proposta do Consello Escolar do Centro.

## **Designación e recusación do/a instrutor/a e medidas provisionais**

A Dirección designará un/unha profesor/a do Centro non pertencente ao Consello Escolar para levar a cabo a instrución do expediente e comunicará a incoación do mesmo ao/a alumno/a.

Cando na conduta ou manifestación do instrutor poida inferirse falta de obxectividade, o alumno/a poderá recusalo diante a Dirección do Centro, que resolverá segundo proceda.

A Dirección, por decisión propia ou a proposta do instrutor/a, poderá impoñer a suspensión de asistencia ao Centro, ou a determinadas actividades ou clases, por un período non superior a unha semana.

A medida provisional a que se refire o apartado anterior comunicarase puntualmente ao Consello Escolar, que poderá revocala de maneira razoada.

## **Instrución do expediente**

O expediente incoarase nun prazo non superior a cinco días dende que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas que se pretenden corrixir, ou no prazo de dous días dende que se celebrou a reunión da Comisión de Convivencia.

O/a instrutor/a, dende o momento en que se lle notifique o seu nomeamento, iniciará as actuacións conducentes ao esclarecemento dos feitos, entre elas a toma de declaración de aquelas persoas que poidesen aportar datos de interese ao expediente.

Nun prazo non superior a sete días dende que se comunique a incoación do expediente, o/a instrutor/a notificará ao/a alumno/a o prego de cargos no que se exporán con precisión e claridade os feitos imputados, dándolle un prazo de dous días para alegar canto estimen oportuno.

Concluída a instrución do expediente, o instrutor formulará proposta de Resolución que deberá conter os feitos ou condutas que se imputan ao/a alumna/a, a cualificación dos mesmos, as circunstancias paliativas ou agravantes se as houbese, e a medida correctiva que se propón.

Acompañado do/a director/a e do/a profesor/a titor/a, o/a instructor/a dará audiencia ao alumno/a para comunicarlle a proposta de resolución e o prazo de dous días de que dispón para alegar canto estime oportuno na súa defensa.

Transcorrido o prazo de alegacións, elevarase ao Consello Escolar o expediente completo que incluírá necesariamente a proposta de resolución e todas as alegacións que se tivesen formulado.

Os prazos que se conteñen no presente artigo entenderanse referidos a días lectivos.

Finalmente, daráselle debida comunicación ao Servizo Territorial de Inspección Educativa do inicio do procedemento, e manteráselle informado da tramitación.

### **Resolución do expediente, recursos e reclamacións**

A resolución do procedemento non deberá exceder o prazo máximo dun mes dende a data de inicio do mesmo.

En caso de proposta de expulsión, ou doutra proposta de sanción, a resolución que o Consello Escolar dite comunicárase ao/a alumno/a. A mesma deberá estar suficientemente motivada, e conterá os feitos ou condutas que se imputa ao alumno/a; as circunstancias agravantes ou paliativas, se as houber; os fundamentos xurídicos en que se basea a sanción imposta; o contido da medida correctiva e data de efecto da mesma; é o órgano ante o que cabe interpoñer recurso e prazo do mesmo.

A resolución do Consello Escolar dos Centros públicos poderá ser obxecto de recurso de alzada. Deberá interpoñerse ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo/a alumno/a no prazo dun mes, e a súa resolución porá fin á vía administrativa.

De ser menor de idade o/a alumno/a ao que afecten os procedementos antes ditos, os procedementos e as resolucións que lles atinxan, deberán ser comunicadas aos seus pais, nais ou titores legais.

### **3.- Normas para a convivencia.**

Puntualidade do alumnado e profesorado na asistencia ás actividades lectivas e ós actos, reunións e eventos organizados polo centro.

Manter unha actitude de traballo correcta por toda a comunidade educativa.

Respectar a autoridade do profesorado, tanto dentro da aula como no resto do Centro.

Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa. Respectar ao persoal da administración e servizos (P.A.S.) e atender as súas indicacións.

Respectar o exercicio de dereito ao estudo do alumnado seguindo as normas do NOF.

Respectar a liberdade de cátedra entre o profesorado, fomentando unha comunicación fluída entre os docentes.

Manter un trato correcto entre todo o alumnado, profesorado, e P.A.S., non permitíndose, en ningún caso, o exercicio da violencia física ou verbal.

Respectar e utilizar correctamente os bens mobles, instrumentais e as instalacións do Centro.

Respectar o material alleo, evitando non tocalo e non utilizalo en beneficio propio, sen o oportuno permiso.

Respectar a disposición das mesas e os lugares asignados polo Centro, cando se utilice unha aula específica ou en caso de que a tarefa encomendada así o requira.



#### 4.- Incumprimentos das normas de convivencia

##### **INCUMPRIMENTOS LEVES**

*Comportamento inadecuado durante o desenvolvemento da actividade lectiva.  
Deterioro leve, causado intencionadamente nas dependencias do Centro ou de materiais deste, así como de obxectos ou pertenzas de calquera membro da comunidade educativa.  
Amenaza física, escrita ou verbal a outros membros da comunidade educativa.*

##### **MEDIDAS CORRECTORAS**

*Amoestación escrita e, se se considera necesario, comparecencia ante a Xefatura de Estudos ou a Dirección.*

*Responsable da súa adopción: Comisión de convivencia*

*Accións encamiñadas a reparar o dano causado en caso de condutas que causen deterioro, ou antihixiénicas, se procede.*

*Responsable: Equipo Directivo.*

*Realización da tarefas, se é o caso, que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.*

*Responsable: Xefatura de Estudos.*

*As faltas leves prescribirán no prazo dun mes, contado a partires da data da súa comisión, e excluídos os períodos non lectivos.*

*As correccións impostas poden ser obxecto de recurso de alzada diante da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O prazo para presentar dito recurso será dun mes a partires da recepción da notificación da mesma.*

##### **INCUMPRIMENTOS GRAVES**

*Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas contra os membros da comunidade educativa.*

*Agresión física contra os membros da comunidade educativa.*

*Suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.*

*Actos que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro.*

*Producir danos graves en locais, material ou documentos do Centro, ou en obxectos que pertencen a outros membros da comunidade educativa.*

*Comisión reiterada de polo menos tres faltas leves.*

*O incumprimento das medidas correctoras.*

*A realización de actos ou a introdución no Centro de obxectos e sustancias perigosas ou prexudiciais para a saúde e para a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou a incitación aos mesmos.*

##### **MEDIDAS CORRECTORAS**

*Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, se é o caso.*

*Suspensión do dereito de asistencia a clase polo período comprendido entre unha e tres semanas.*

*Responsable da adopción das anteriores medidas: Comisión de Convivencia.*

*Cando a medida correctiva comporte a suspensión do dereito de asistencia a clase, o profesorado responsable da clase obxecto da suspensión informará ao alumno/a das tarefas académicas que debe realizar, co fin de non prexudicar o seu desenvolvemento académico.*

*En calquera caso, o alumnado queda obrigado a reparar os danos que cause, ben sexa individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións, aos materiais do Centro e ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custe económico da súa reparación. Así mesmo, a restituír, no seu caso, o substraído.*

*Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral a calquer membro da comunidade educativa, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade nos actos, ben en público, ben en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que determine o órgano competente para impoñer a corrección.*

*As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión e excluídos os períodos non lectivos.*

*As correccións impostas poden ser obxecto de recurso de alzada na Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O prazo para presentar o dito recurso será dun mes a partir da súa recepción.*

Consideraránse circunstancias **atenuantes**: O recoñecemento espontáneo da acción e a presentación de escusas inmediatas, a ausencia de intencionalidade, e a reparación espontánea do dano causado.

En casos relativos a posible acoso escolar, será de aplicación a normativa da Xunta de Galicia:

- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso
- Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020

## **3.2 NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO**

**Dada a extensión deste documento,  
reprodúcese neste link:**

<https://www.csmcoruna.com/wp-content/uploads/2014/09/NOF-CMUS-Superior-A-Coru%C3%B1a-.pdf>

# SECCIÓN 4

## XESTIÓN DE RECURSOS

### 4.1 RECURSOS HUMANOS

Segundo establece a lexislación vixente, o Conservatorio conta cunha estrutura organizativa integrada por:

#### ORGANIGRAMA E ESTRUCTURA DOCENTE

Órganos unipersoais de goberno

- Dirección
- Vicedirección
- Xefatura de Estudos
- Secretaría

Órganos colexiados

- Consello Escolar
- Claustro

Órganos de coordinación docente

- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Departamentos didácticos
- Equipo de dinamización lingüística

#### PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- Persoal de Limpeza: 2 persoas
- Conserxería: 3 persoas
- Administración: 1 persoa

O número de docentes é de 71, existindo Catedráticos (46), Catedráticos interinos (11), Profesores Superiores (6), e Profesorado interino (8). No relativo ao persoal de administración e servizos, o Conservatorio ven solicitando dende hai varios anos reiteradamente á Xunta de Galicia a concesión dunha segunda persoa para tarefas administrativas, xa que a carga de traballo desborda á única persoa de administración, tendo que asumir varias tarefas da mesma os membros da xunta directiva. O Conservatorio aposta por continuar solicitando este aumento de persoal ata que se solucione esta situación.

## **4.2 RECURSO MATERIAIS**

O Conservatorio dispón dun auditorio cun aforo de 280 butacas; 40 aulas, delas 4 son grandes (orquestra, percusión, cámara e electroacústica) e 10 estudos, de dimensións moi reducidas.

Dado o escaso número de estudos, se permite acceder ao alumnado ás aulas en horario non docente, para que poidan estudar nelas. Non dispoñemos de departamentos, xa que en caso de asignar un aula a cada departamento, veríase aínda moito máis reducida a disponibilidad de espazos. No 3º andar, o espazo adicado a biblioteca dividiuse para ter un lugar diferenciado de estudo e/ou reunións, e outro de préstamo de libros e material; ademáis, delimitáronse tamén espazos que sirvan como sala de profesores e como lugar de exposición de Traballos Fin de Estudos. O Conservatorio aposta por conquistar das administracións a concesión dun bibliotecario que profesionalice a xestión da mesma, máis alá da labor de apoio que deba desempeñar o profesorado nalgún horario concreto de biblioteca. Por medio dun acordo establecido coa Universidade da Coruña, o noso alumnado pode tamén acudir a estudar a 7 aulas do Edificio NORMAL, en horario de 9 a 14, sito a escasos metros do noso centro. O noso centro dispón dun servizo de cafetería, onde ademáis se realizan diversas actividades como jam sessions, etc, que fomentan a socialización do alumnado e profesorado.

En canto a recursos materiais e instrumentais, o Centro ven solicitando á Consellería a reposición e/ou adquisición de diverso material (pianos de cola, instrumental de percusión, corda, vento, etc), que xa amosa un desgaste excesivo e que non é digno dun centro que pretenda ofertar a excelencia musical.

O Conservatorio xestiona todos os aspectos económicos e os recursos materiais e humanos, a través da Xunta Directiva e dos órganos competentes para elo, según a normativa vixente, seguindo criterios de transparencia e obxectividade, e fomentando a participación da comunidade educativa nos ámbitos que lles sexan propios.

# SECCIÓN 5

## **MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E DOS DOCUMENTOS QUE DEL DEPENDEN.**

As propostas de modificación do Proxecto Educativo, e dos documentos que del dependen, serán presentadas polos distintos sectores da comunidade educativa (profesorado e equipo directivo, alumnado, persoal de administración e servizos), dentro dos seus ámbitos de competencia, para debate e aprobación nos seus órganos.

Corresponde á Dirección do centro a aprobación final das modificacións propostas unha vez oídos o Claustro e o Consello Escolar. As modificacións serán publicadas na web do centro